

## 5. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.

O presente convenio, que logo da aprobación polos plenos de ambas as dúas corporacións, entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación, terá un prazo de vixencia de dous anos e quedará automaticamente renovado por iguais períodos sucesivos, salvo que algunha das dúas administracións interesadas expresase a súa vontade en contrario mediante a adopción do correspondente acordo, que deberá ser notificado á outra parte dentro dos tres meses anteriores á finalización do período.

Será de aplicación o disposto no artigo 6.e) da Ordenanza fiscal n.º 5 da Deputación.

## 6. TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO.

As taxas que ha aboar o Concello de Arteixo polas cantidades cobradas como consecuencia de liquidacións derivadas deste labor inspector serán as seguintes:

- 2,5% do importe das cotas recadadas en período voluntario.
- 75% do importe das recargas de prema recadadas en período executivo.

## 7. PROTECCIÓN DE DATOS.

A presente cláusula incorporárase en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Como queira que as competencias de inspección do imposto sobre actividades económicas do Concello de Arteixo están delegadas na Deputación da Coruña é esta quen ten a condición de responsable dos ficheiros xerados en virtude da actuación delegada, sendo o Concello de Arteixo responsable do tratamento daqueles ficheiros precisos para o desenvolvemento da colaboración descrita neste convenio, non considerándose comunicación de datos a un terceiro o acceso a estes da asistencia técnica do concello, ao tratarse dun acceso necesario para a prestación dun servizo ao responsable do tratamento, segundo dispón o artigo 33 da devandita lei.”

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación de data 29 de xaneiro de 2021.

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O DEPUTADO DELEGADO DA DEPUTACION  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES

Asdo.: Antonio Leira Piñeiro

Asdo.: José M. Miñones Conde

O SECRETARIO XERAL  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: José Luis Almu Supervía



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



CONCELLO DE AMES

Número 22/2021

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES NA INSPECCIÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE) E NOS PROCEDIMENTOS SANCIONADORES QUE DERIVEN DESTAS ACTUACIÓNS.

Na Coruña, 22 de marzo de 2021.

### INTERVEÑEN

Dunha parte D. Antonio Leira Piñeiro, Deputado delegado de Economía, Facenda, Contas, Persoal e Réxime Interior, en virtude de resolución da presidencia número 24475 de data 16 de xullo de 2019, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D. José M. Miñones Conde, Alcalde Presidente do Concello de Ames

### MANIFESTAN

O Concello de Ames solicitou á Deputación Provincial da Coruña a formalización dun convenio de colaboración na inspección do imposto sobre actividades económicas.

A Deputación, en sesión plenaria celebrada o 29 de xaneiro de 2021, acordou a aprobación do convenio. O concello, en sesión plenaria, do 27 de febreiro de 2020, acordou a aprobación do convenio.

Que están lexitimamente facultados para actuar en nome das Corporacións ás que representan e habilitados ambos os dous representantes corporativos para convir as condicións xerais que afectan ao presente acordo, proceden a formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

### ESTIPULACIÓNS

No marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre as administracións públicas e conforme ao establecido no artigo 3.1 k) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e particularmente en materia tributaria, no artigo 5.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no que se indica que poderán establecerse fórmulas de colaboración para a aplicación dos tributos entre as entidades locais, os representantes de ambas as dúas partes consideran que sería beneficioso para o cumprimento dos seus respectivos fins o establecemento dun sistema de colaboración mutua na inspección do imposto sobre actividades económicas.

Asemade, este principio de colaboración está tamén contemplado na normativa local, no artigo 8 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no que se indica que as administracións tributarias do Estado, das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais colaborarán en todas as ordes de xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais, así como nos artigos 10, 55 e 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O Pleno do Concello de Ames en sesión do vinte e cinco de outubro de dous mil doce adoptou, entre outros, o acordo de delegar na Deputación Provincial da Coruña, o exercicio de competencias tributarias nos termos e condicións recollidos nas bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas pola Corporación provincial en sesión plenaria do vinte e nove de xuño de dous mil un, respecto da seguinte materia: xestión e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre actividades económicas ou do imposto municipal que o complemento ou substitúa no futuro, así como a facultade para, de acordo

co establecido no artigo 92 da Lei reguladora das facendas locais, solicitar da administración tributaria do Estado a delegación das funcións de xestión censual e inspección, e establecer coa devandita administración as oportunas fórmulas de colaboración na materia de inspección en relación con este mesmo imposto. Esta delegación de competencias na Deputación provincial está vixente.

Sendo xuridicamente procedente o establecemento do citado sistema de colaboración mutua na inspección do imposto sobre actividades económicas, ambas as dúas partes acordan celebrar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### 1. OBXECTO DO CONVENIO.

É obxecto do presente convenio reforzar a colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ames na inspección do imposto sobre actividades económicas (IAE) e nos procedementos sancionadores que deriven destas actuacións.

Esta colaboración desenvolverase dentro do marco normativo establecido nas bases para a prestación dos servizos tributarios e a Ordenanza fiscal número 5, reguladora da taxa pola prestación dos servizos tributarios aprobadas pola Deputación da Coruña.

### 2. PROCEDEMENTO.

Mantense vixente nos seus propios termos o contido da delegación que na materia de inspección do IAE acordou o Pleno do Concello de Ames en sesión do vinte e cinco de outubro de dous mil doce, toda vez que non variaron os motivos e circunstancias que deron lugar á devandita delegación, isto é, a falta de dotación de medios materiais e persoais.

A delegación de competencias supón que a Deputación asume a totalidade de funcións e atribucións necesarias para levar a cabo o exercicio das competencias de inspección, neste caso, do IAE.

Por iso, correspóndelle á Unidade de Inspección da Deputación provincial a instrución e resolución dos expedientes de inspección e sancionadores do IAE.

### 3. EXTENSIÓN DA COLABORACIÓN.

A Deputación da Coruña elaborará e aprobará o plan de inspección, con especificación dos criterios tidos en conta.

Unha vez aprobado o plan de inspección, porase en coñecemento do Concello de Ames.

Correspóndelle á Deputación Provincial da Coruña, a través da súa Unidade de Inspección, a dirección das actuacións realizadas nos expedientes de inspección e sancionadores do imposto de actividades económicas do Concello de Ames, o seu impulso, comprobación, e sinatura dende a fase de instrución ata a conclusión, por medio dos seus funcionarios actuarios.

O Concello de Ames colaborará coa Deputación da Coruña, directamente e/ou a través dos apoios externos contrata- dos polo concellos, realizando as seguintes actuacións en relación con expedientes tramitados no ámbito deste convenio:

1.º.–Directamente, o Concello de Ames, colaborará co traballo dun funcionario do cadro de persoal, enxeñeiro/a municipal, e, no seu caso, cun técnico de inspección tributaria, para a realización de visitas de inspección e a emisión de informes de tipo técnico nas actuacións que así o requiran nos expedientes tramitados no ámbito deste convenio e sempre dentro do ámbito das súas competencias.

2.º.–Para todas as tarefas de colaboración e apoio administrativo que non requiran a intervención de funcionario público, o concello poderá recadar os apoios externos que lle solicite a Deputación provincial a través de empresas colaboradoras ou outras fórmulas que considere. O resto, isto é, as que necesariamente deban ser desempeñadas por funcionario público, serán por conta da Unidade de Inspección da Deputación provincial.

Este apoio externo poderá ser substituído pola colaboración que realice un funcionario municipal capacitado, técnico de Inspección Tributaria, segundo consta na relación de postos de traballo vixente.

Así mesmo, o Concello de Ames poderá contratar asesoramento e colaboración externa para a realización “in situ” de todas as fases dos procedementos de comprobación e/ou inspección fiscal e sancionadores, sendo esixible nestes casos a presenza de funcionario público municipal ou provincial.

Este apoio municipal, que colaborará en todo momento coa Unidade de Inspección da Deputación provincial e sempre baixo a súa dirección, poderá, entre outras funcións:

- Propoñer á Deputación as actuacións que se han realizar para que esta, se o considera conveniente, as inclúa no plan de inspección e inicie o procedemento de inspección. Na proposta detallarase os criterios tidos en conta.
- Atender, recoller a documentación e informar aos obrigados tributarios sobre as normas de aplicación do procedemento de inspección e sobre o alcance das obrigas e dereitos que delas se deriven.
- Propoñer á Deputación a documentación específica, tendo en conta a actividade que se ha desenvolver, que se debe incluír nos requirimentos que se vaian realizar.
- Controlar os requirimentos non atendidos ou atendidos de forma incompleta ou incorrecta. Informará á Deputación para que, no seu caso, esta desenvolva as actuacións que se estimen oportunas.
- Propoñer á Deputación a nova documentación que se ha requirir, tendo en conta a documentación xa achegada.
- Realizar as actuacións de comprobación e investigación nos locais onde se exerce a actividade, acompañados de funcionario municipal ou provincial.
- Compilar a documentación xeral de tipo técnico (lexislación, estudos, etc.), xurídico (lexislación, consultas, xurisprudencia etc.), ou particular de tipo público (páxinas web, boletíns oficiais etc.) necesaria para a instrución do expediente.
- Esta colaboración externa poderá incluír a elaboración de comunicacións, dilixencias, actas, informes ampliatorios, propostas de regularización, propostas de sanción e demais documentos integrantes do expediente inspector ou sancionador, para a súa sinatura, se procede, polos funcionarios actuarios pertencentes á Deputación provincial.
- Informar das actuacións realizadas, os feitos, a lexislación aplicable e as conclusións.
- Colaborar coa Unidade de Inspección da Deputación provincial, e baixo a dirección desta, na resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos ditados en relación cos expedientes inspectores e sancionadores, nos termos establecidos no apartado anterior.
- Realizar todas as tarefas de tipo administrativo e informático (gravación de datos, confección de documentos, notificacións etc.) relacionadas coas actuacións inspectoras e cos expedientes sancionadores derivados delas. Para tal efecto, o apoio externo utilizará a aplicación informática que empregue a Deputación Provincial da Coruña, debéndose observar as instrucións de identificación e autenticación fixadas pola Deputación. Para iso, a Deputación porá á súa disposición a utilización da aplicación informática.

### 4. COMISIÓN MIXTA.

Para os efectos de coordinar as actividades necesarias para a execución do presente convenio, crearase unha comisión técnica de coordinación e control, formada por un representante de cada unha das administracións.

A antedita comisión reunirse por instancia de calquera das partes, e terá as seguintes funcións:

- Coordinar a execución do convenio
- Dirixir e controlar o cumprimento do convenio
- Calquera outra que puideran derivarse do presente convenio